



PLANIFICACIÓN ACTIVIDADES SEMANA DO 14 AO 17 DE ABRIL DE 2020

NIVEL: 4º DE INFANTIL A E B

TITORAS: Ángeles e Iria

Para esta semana os plantexamos un traballo algo diferente ao proposto nas anteriores tres semanas sin cole.

O traballo que vos propoñemos a continuación vai ser similar durante o tempo que dure o confinamiento na casa.

Consiste no seguinte: cada día iremos traballando nun **MINI PROXECTO DE INVESTIGACIÓN** no que aprenderemos cousas sobre algo determinado que as titoras vos especificaremos.

Ao longo do día teredes que cubrir e traballar sobre unha **ficha rexistro do proxecto** (no doc adxunto). Pode serviros de guía para personalizala ou adatala aos vossos fillos ou fillas, ou utilizala tal cual vola presentamos.

Como auténticas científicas e científicos esta semana imos investigar:

ANIMAIS MARIÑOS

Día da semana	Luns 13	Martes 14	Mércores 15	Xoves 16	Venres 17
Que investigar	DÍA NON LECTIVO	TARTARUGA Mariña	PULPO	CANGREXO	ESTRELA DE MAR

IMPORTANTE: CADA ANIMAL TEN QUE ESTAR NUHA FOLLA DIFERENTE E AO FINAL DA SEMANA XUNTARANSE CUNHA GRAPA, CARPETA, FUNDA DE PLÁSTICO PARA FORMAR O MINI PROXECTO DA SEMANA COA SÚA PORTADA CORRESPONDENTE. PARA TRAELO AO COLE E PODER COMPARTILO CON TODOSNOMEDATA: DÍA MES



MOTIVACIÓN DA ACTIVIDADE:

Antes de comezar o traballo diario contarlles unha curiosidade do animal a investigar, como por exemplo:

- **TARTARUGA MARIÑA:** As tartarugas mariñas migran cruzando o océano. Algunhas percorren mais de 2.200 km.
- **PULPO:** Os pulpos teñen tres corazóns.
- **CANGREXO:** Os cangrexos camiñan de lado.
- **ESTRELA DE MAR:** Cando unha estrela de mar perde parte o todo un brazo volve a medrarlle como novo.

ACTIVIDADES:

1. Buscar cos nenos/as información en distintas canles: internet, libros, etc, sempre axeitado á súa idade.
2. Completar a Ficha partindo da observación e novos coñecementos obtidos da investigación anterior.
3. Facer un debuxo inspirado no animal mariño de cada día.

Para rematar sería interesante que cada día se lle lera un conto, canción, adiviña ou seleccionar unha película no que o protagonista sexa o animal traballado.

Dúbidas ou suxestións polo Remind ou nos enderezos electrónicos das titoras:

Ángeles maquicami@edu.xunta.es

Iria iriadela@edu.xunta.es

Moitos bicos y ánimo!

Ángeles e Iria